



## GUÍA DOCENTE DO PRÁCTICAS DE PROFESORADO

## ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

## TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA: PRÁCTICAS DE PROFESORADO											
ESPECIALIDADE	Pedagogía							ITINERARIO	Xeral e da linguaxe musical		
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Colectiva		
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	4h.	
ECTS/CUAD.							3	3	Observacións:		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Realización de prácticas de docencia para o coñecemento por parte do futuro docente do escenario laboral no que se desenvolverá a súa vida profesional, en caso de dedicarse á docencia, e que poda aplicar o aprendido nos módulos teóricos dos estudos de Pedagogía.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os correspondentes as disciplinas de Teoría da Educación, Psicopedagogía, Didáctica Xeral, Didáctica da Linguaxe Musical, Instrumentos escolares, Conxunto, Pedagogía Musical e Coreografía e danza.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Está relacionada con todas as disciplinas do currículo.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	3, 6, 9, 11, 12, 13, 15
COMPETENCIAS XERAIS:	5, 7, 10, 13, 19, 24, 27
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	1, 2, 3, 4, 5, 6, 8, 9, 11
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Achegar ó alumno á realidade laboral do profesor e a seu campo profesional.	Todas
Facilitar a adquisición e consolidación de coñecementos, destrezas profesionais e actitudes persoais necesarias para o desempeño do seu traballo e a oportunidade de aplicalas baixo a supervisión dun colaborador profesional.	Todas
Unificar a teoría e a práctica, enlazando os contidos académicos e a aprendizaxe da experiencia práctica.	Todas
Valorar de forma crítica a experiencia e o desenvolvemento das prácticas.	Todas

4. CONTIDOS
A transferencia do currículo a realidade do aula.
A realidade do centro: relacións cos alumnos, outros profesores, pais e nais,...
A preparación das clases, a organización de actividades no aula, a elaboración, aplicación e corrección de exames, o establecemento de criterios de avaliación,....
Mellora e innovación.

**5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN**

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Asistencia ao conservatorio de prácticas participando nas actividades que o titor considere adecuadas	Presencial	Permanente
Elaboración da memoria de prácticas	Non presencial	Durante o curso
Titorías individuais co profesor do conservatorio superior	Presencial	Ao comezo, durante e ao final do curso
Actividades complementarias	Presencial	Esporádicas

**6. AVALIACIÓN**

A avaliación das prácticas se realizará a través del informe do profesor titor colaborador e da elaboración da memoria de prácticas do alumno.

A memoria de prácticas é un documento realizado como diario das actividades cotidianas y do desenvolvemento curricular no centro. Nela débense recoller todas as actividades realizadas, as observacións xurdidas durante o desenvolvemento das mesmas, os informes elaborados e as discusións e reflexións conxuntas. Asemade, é fundamental incorporar reflexións e análise propios, derivados do intercambio de ideas cos titores y da formación teórica adquirida ó longo da titulación.

A memoria deberá recoller, como mínimo, a descrición organizativa do centro e do perfil sociolóxico xeral do alumnado e do seu entorno cultural, as fichas de seguimento das actividades realizadas no período de prácticas, así como quince unidades didácticas dunha materia relativa ao curso académico relacionado coa especialidade motivo das prácticas.

O profesor titor das prácticas do conservatorio superior realizará reunións cos profesores colaboradores e xefes do departamento dos conservatorios profesionais elixidos polos alumnos. Nelas organizaranse os horarios e todas aquelas cuestión relacionadas co principio e o final do curso.

Os profesores colaboradores levarán reconto das horas realizadas polos alumnos de prácticas.

O profesor titor das prácticas do conservatorio superior realizará titorías co fin de aclarar as dúbidas sobre a memoria de prácticas e facilitar un índice para a súa realización.

A non realización da totalidade das horas presenciais o a no entrega da memoria de prácticas terán como consecuencia a no superación da materia.